

# CONCERTO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2013

PROGRAMA



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

SAN DOMINGOS DE BONAVAL  
16 DE MAIO DE 2013  
20:00 HORAS

# CONCERTO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

## AQUELES DOCES CANTARES

150 aniversario de *Cantares gallegos*


### Colaboran

Asociación Galega de Compositores  
Asociación de Actores e Actrices de Galicia  
Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

SAN DOMINGOS DE BONAVAL  
Santiago de Compostela  
16 de maio de 2013

20:00 horas





Cantart' ei, Galicia,  
Teus dulces cantares,  
Qu'asi mó pediron  
Na veira do mare.

Cantar t' ei, Galicia,  
Na lingua gallega,  
Consolo dos males,  
Alivio das penas.



**U**n poema, unha partitura. O Consello da Cultura Galega convidou a integrantes da Asociación Galega de Compositores a crear unha obra musical para cada un dos poemas incluídos nos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. O convite foi secundado por vinte autoras e autores que compuxeron brevísimas páxinas instrumentais dun minuto de duración para un máximo de nove instrumentos (violín, viola, violoncello, contrabaixo, frauta, óboe, clarinete, fagot e trompa). O resultado son trinta e seis composicións musicais que acompañarán senllos poemas rosalianos interpretados por unha dúcia de integrantes da Asociación de Actores e Actrices de Galicia e da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, baixo a dirección de Cristina Domínguez. Con este singular concerto, no que se dan a man a música e a palabra, o Consello da Cultura Galega quere celebrar o 150 aniversario de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro e a figura de Roberto Vidal Bolaño, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2013.

# PROGRAMA

*Rosalía*

## PROGRAMA

### **Intérpretes do conxunto musical**

Violín: Paloma Diago Busto

Viola: Isabel Arregui García

Violoncello: Gabriel Tanasescu

Contrabaixo: Antonio Romero Cienfuegos

Fruta: Patricia González Moreira

Óboe: Verónica Cruz Rodríguez

Clarinete: Emilio Alonso Espasandín

Fagot: Patricia Castro Vázquez

Trompa: Martín Naveira Grela

### **Dirección de escena**

Cristina Domínguez Dapena

### **Actrices e actores**

María Barcala

Alba Blanco

Mayka Braña

Mercedes Castro

Aaron Gallego

Avelino González

Erica González

Vicente Montoto

Toni Salgado

Rocío Salgado Pérez

Arantxa Treus

Estíbaliz Veiga

### **Escolma dos textos**

Dolores Vilavedra

## CANTARES GALLEGOS

Rosalía de Castro

### **As de cantar**

Compositor: Joám Trillo

Actriz e actor: Rocío Salgado e Vicente Montoto

### **Nasin cand' as prantas nasen**

Compositor: Luís Carro

Actriz: Mercedes Castro

### **Dios bendiga todo, nena**

Compositor: Luís Carro

Actrices: María Barcala e Estíbaliz Veiga

### **Cantan os galos pr' ó día**

Compositor: Miguel Brotóns

Actriz e actor: Arantxa Treus e Avelino González

### **Miña Santiña**

Compositor: Miguel Brotóns

Actrices: Érica González e Alba Blanco

### **Nosa Señora da Barca**

Compositor: Octavio Vázquez

Actriz: Rocío Salgado

### **Fun un domingo**

Compositor: Paulino Pereiro

Actor: Avelino González

### **Un repoludo gaitero**

Compositor: Joám Trillo

Actriz e actor: Estíbaliz Veiga e Avelino González

### **Dixome nantronte ó Cura**

Compositor: Julio Montero

Actriz: Rocío Salgado

### **Quixente tanto, meniña**

Compositor: Julio Montero

Actor: Vicente Montoto

### **Campanas de Bastabales**

Compositor: Xabier Comesanha Pereira

Actriz: Mercedes Castro

### **Vint' unha crara noite**

Compositora: Margarita Viso

Actor: Vicente Montoto

### **San Antonio bendito**

Compositor: Xabier Comesanha Pereira

Actrices: María Barcala, Alba Blanco, Mayka Braña, Mercedes Castro, Érica González, Rocío Salgado, Arantxa Treus e Estíbaliz Veiga.

### **Acolá enriba**

Compositor: Manuel Alexandre Prada

Actor: Avelino González

### **Adios rios, adios fontes**

Compositor: Karolis Biveinis

Actor: Toni Salgado

### **Eu ben vin estar ó moucho**

Compositor: Octavio Vázquez

Actriz: María Barcala

### **Airiños, airiños aires**

Compositor: Xoán Antón Vázquez Casas

Actriz: Alba Blanco

### **Roxiña cál sol dourado**

Compositor: Antonio Peña

Actor: Toni Salgado

### **Pasa rio, pasa rio**

Compositor: Manuel Alexandre Prada

Actriz: Érica González

### **Hora meu meniño, hora**

Compositor: Antonio Peña

Actrices: Mayka Braña, Arantxa Treus e Estíbaliz Veiga

### **Non che digo nada...**

Compositor: Juan Durán

Actriz e actor: Mayka Braña, Vicente Montoto

### **Mais ó que ben quixo un día**

Compositor: Julián Rodríguez Rodríguez

Actriz: Érica González

### **Castellana de Castilla**

Compositor: Julián Rodríguez Rodríguez

Actriz: Estíbaliz Veiga

### **Queridiña d' os meus ollos**

Compositor: Javier Ces

Actor: Avelino González

### **Aló no currunchiño mais hermoso**

Compositor: Paulino Pereiro

Actriz: María Barcala

### **Meniña, ti á mais hermosa**

Compositor: Carlos Cambeiro

Actriz e actor: Alba Blanco e Toni Salgado

### **¿Qué ten ó mozo?**

Compositora: Gloria Rodríguez Gil

Actriz e actor: Rocío Salgado e Aaron Gallego

### **Castellanos de Castilla**

Compositor: Jesús González

Actriz: Mayka Braña

### **La gaita gallega (por V. Ruiz Aguilera)**

#### **A gaita gallega. Resposta**

Compositora: María Mendoza

Actrices: Mercedes Castro e Érica González

### **Vente, rapasa**

Compositor: Xoán Antón Vázquez Casas

Actrices e actores: María Barcala, Alba Blanco, Mayka Braña, Mercedes Castro, Érica González, Rocío Salgado, Arantxa Treus, Estíbaliz Veiga, Avelino González, Aaron Gallego, Vicente Montoto e Toni Salgado

### **Cando á luniña aparece**

Compositor: Javier Ces

Actriz: María Barcala

### **Si á vernos, Marica, nantronte viñeras**

Compositor: Jesús González

Actores: Avelino González, Aaron Gallego e Toni Salgado

### **Como chove mihudiño**

Compositora: María Mendoza

Actor: Vicente Montoto

### **Miña santa Margarida**

Compositora: Gloria Rodríguez Gil

Actriz: Arantxa Treus

### **Alborada**

Compositor: Carlos Cambeiro

Actores: Avelino González, Aaron Gallego e Toni Salgado

### **Eu cantar, cantar, cantei**

Compositor: Juan Pérez Berná

Actrices e actores: María Barcala, Alba Blanco, Mayka Braña, Mercedes Castro, Érica González, Rocío Salgado, Arantxa Treus, Estíbaliz Veiga, Avelino González Aaron Gallego, Vicente Montoto e Toni Salgado

## INTÉRPRETES

### A MÚSICA

**Paloma Diago Busto**  
**Violín**

Naceu na Coruña en 1992. Estudou no Conservatorio Profesional de Música da súa cidade os graos Elemental e Medio con Javier Cedrón, e obtivo sempre as máximas cualificacións en Violín. Dende 2006 recibe clases de perfeccionamento de Anca Smeu. Foi alumna de Mariana Todorova e Liviu Prunaru. Gañou o Primeiro Premio no Concurso Caixanova 2008 na Coruña. Durante o curso académico 2011-2012, continuou os seus estudos en Holanda, mediante una bolsa *ERASMUS*, no Utrecht Conservatory, co mestre Chris Duindam. Actualmente cursa 4º de grao superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña mentres segue a perfeccionarse coa súa profesora Anca Smeu.

**Isabel Arregui García**  
**Viola**

Comezou os seus estudos musicais con nove anos de idade no Conservatorio Profesional de Música da Coruña e complementou a súa formación coa profesora Eugenia Petrova. Dende o ano 2012, é alumna activa da Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia. Actualmente cursa estudos de grao superior na Coruña.

**Gabriel Tanasescu**  
**Violonchelo**

Orixinario de Romanía, realiza os seus estudos na Academia Nacional "George Enescu" de Iasi, onde se gradúa coas máximas cualificacións. Posteriormente, foi violoncellista principal da Orquestra Sinfónica de Constanta e da Orquestra Filharmó-

nica de Ploiesti (Romanía), Orquesta Sinfónica “Isla de la Palma” e Orquesta Clásica de La Laguna (Tenerife).

En paralelo ao seu labor en orquestra, desempeñou unha consistente carreira no ámbito da música de cámara (concertos e gravacións co Cuarteto “George Georgescu” e o “Dúo Tanasescu”, xunto á súa dona) e actuou como solista en diversas orquestras de Romanía. Desde o ano 1993 é violoncellista coprincipal da Sinfónica de Galicia.

**Antonio Romero Cienfuegos**  
**Contrabaixo**

No ano 2011, rematou os seus estudos de contrabaixo no Conservatorio Superior da Coruña coas máximas cualificacións. Durante o curso 2011/2012, estudou un Master of Performance no Royal College of Music de Londres co mestre Thomas Martin.

Recibiu clases de recoñecidos contrabaixistas e tocou con numerosos directores, colaborando coa ONSG, coa OSG, coa RFG ou coa Orquesta Sinfónica de Valencia. Foi seleccionado para tocar coa European Youth Wind Orchestra en Luxemburgo en 2007, acadou o 2º premio no XI Concurso Diputación de Toledo para instrumentos de corda un ano máis tarde e no ano 2012 foi galardoado co 3º Premio á Excelencia da Fundación Paideia.

Como compositor, ten estreadas varias obras: *Paseando por New York* para quinteto de contrabaixos e a obra *Fendas*, para coro, piano e recitado, escrita para o coro Ludus Tonalis.

**Patricia Gonzalez Moreira**  
**Frauta**

Empezou os seus estudos musicais con 8 anos na súa cidade natal (Tui) e continuou cos estudos superiores no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Rematou en 2008 con matrícula de honra. En 2010, realizou o Posgrao de interpretación no Conservatorio de Zaragoza con Jaime Martin. Estudou con frautistas como César Concheiro, Laurent Blaiteau, Jaime Martin, Claudia Walker e Magdalena Martínez, entre outros. Formou parte da Xoven Orquestra de Galicia, Joven Orquestra da Comunidade de Madrid e Orquesta Académica de Madrid. Formou parte da Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago. Colabora con orquestras como RTVE, Sinfónica de Galicia, Real Filarmonía de Oviedo, Real Filharmonía de Galicia e a Banda Municipal da Coruña.

**Verónica Cruz Rodríguez**  
**Óboe**

Nace en Ferrol. Comeza co óboe aos 11 anos no Conservatorio Xan Viaño de Ferrol. Posteriormente, cursa grao superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña, que remata coas máximas cualificacións. Recibe clases de Christina Dominik, Esther Viúdez, Casey Hill, David Villa, Christian Schmith, Thomas Indermühle, entre outros. Foi membro da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e da Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia. Como solista actuou fronte á Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais ou a Banda Municipal da Coruña. Na actualidade é bolsreira na Bilbao Orkestra Sinfonikoa e pertence á Joven Orquestra Nacional de España (JONDE).

**Emilio Alonso Espasandín**  
**Clarinete**

Nado na Coruña, estudou en Galicia ata graduarse no ano 2011. Actualmente está finalizando un Máster con António Saiote na ESMAE de Porto (Portugal), cunha bolsa da Deputación da Coruña. Acadou recoñecementos en diversos concursos nacionais e internacionais e actuou como solista coa Banda Sinfónica do CPM da Coruña, Orquestra Gaos, Orquestra da EAEM e Camerata Serbica. No 2012, gravou o seu primeiro CD co pianista Gabriel López. Actualmente compaxina os seus estudos coa súa actividade como solista, músico de cámara e de orquestra. É membro da Orquestra Gaos, da Orquestra Nova da OSG e da Hulencourt Soloists Chamber Orchestra (Bélxica).

**Patricia Castro Vázquez**  
**Fagot**

Comezou os seus estudos de fagot con Gëzim Malaj no Conservatorio de Lalín e continuounos en Musikene, onde finalizou o grao superior con David Tomás. Seguidamente estudou na Escuela Reina Sofía de Madrid con Klaus Thunemann. Conseguiu o 2º Premio no V Concurso de Jóvenes Intérpretes Musicales José Valcárcel. Tocou na Real Orquestra Sinfónica de Sevilla, Orquesta Sinfónica de Bilbao, Orquesta Ciudad de Granada, Orquestra de Cadaqués, Real Filharmonía de Galicia, Or-



questra Sinfónica de Galicia e Orquesta Giuseppe Tartini de Roma. Actualmente é profesora do Conservatorio Xan Viaño de Ferrol e fagot solista da Orquesta Gaos da Coruña.

### **Martín Naveira Grela**

#### **Trompa**

Cursou os seus estudos no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Recibe clases e cursos de mestres como Manuel Moya, Jordi Ortega, David Fernández, David Bushnell, José Vicente Castelló, José Miguel Asensi, Eric Terwilliger, Dale Clewenger ou Radovan Vlatkovic. No ano 2008, consegue a praza na Orquesta Sinfónica de Castela e León. Colaborou con orquestras como a Orquesta Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Orquesta da Comunitat Valenciana ou Orquesta do Teatro Mariinsky. Esta temporada 2012-2013 ocupa a praza de trompa principal-asistente na Orquesta Sinfónica de Galicia. Membro de varios grupos de cámara, como o cuarteto de trompas Filhrtrompía Quartet.

---

---

## **A PALABRA**

---

---

### **CRISTINA DOMÍNGUEZ DAPENA**

Titulada pola Real Escola Superior de Arte Dramática (RESAD) de Madrid e Máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. Foi directora do Centro Dramático Galego de 2005 a 2009. Fundadora de A Factoría Teatro, na dirección de escena a súa traxectoria inclúe unha ducia de espectáculos, entre eles: *O Regreso ao Deserto*, de B. M. Koltes, producida no Centro Dramático Galego; *O Tío Vania*, de Chekhov, *Coitelos nas Galiñas*, ambas as dúas Premio María Casares de Teatro á mellor dirección teatral, e *A viaxe de Lola*, premio Pasarena de teatro 1999 ao mellor espectáculo, en Logroño. Actualmente é profesora de técnica vocal na ESAD de Galicia, Vigo.

### **MARÍA BARCALA**

Na súa actividade profesional, iniciada en 1979 no Teatro da Mari-Gaila, interpretou a moitas das grandes personaxes femininas da historia do teatro moderno. Con Teatro do Atlántico: *Nora*, *Casa de bonecas*, Ibsen; *Marteuil*, *Quartett*, Heiner Müller; *Natalia*, *O cerco de Leningrado*, Sanchis Sinisterra; *Clitemnestra*, *Clitemnestra ou o crime*, Marguerite Yourcenar; *Maureen*, de *A raíña da Beleza de Leenane*, Martin McDonagh; *María de Memoria de Helena e María*, Roberto Salgueiro... ou *Dona Inés de A noite vai coma un río*, Cunqueiro; e *Rosalía de Castro*, de *Rosalía*, Otero Pedrayo, no Centro Dramático Galego, entre outras moitas.

### **ALBA BLANCO**

Nace en Ourense en 1986. Licenciada en Arte Dramática na especialidade de Teatro Xestual pola Real Escola Superior de Arte Dramática (RESAD) de Madrid. Completa a súa formación co Máster en Artes Escénicas da Universidade Rey Juan Carlos e o grao profesional de Música (piano) polo Conservatorio Profesional de Música de Ourense, ademais dunha ampla e continuada formación en danza.

### MAYKA BRAÑA

Actriz: CINE (*Vilamor, Heroína, 13 badaladas*), TV (*Libro de familia, Géminis, Mareas vivas, Nada es para siempre*), TV MOVIES (*La condesa rebelde*) e numerosas obras de teatro en Galicia, Madrid e Bruxelas. Presentadora de actos culturais. Dobradora. Formación: Máster en Estudos Teatrais e Cinematográficos (Univ. A Coruña, 1999-2000). Posgrao en Arte Dramática (Univ. Santiago, 2003-2004). Cursos: Interpretación (Cristina Rota e J. C. Corazza), De voz enfocado ao teatro (Cristina Domínguez), Especialización en técnicas de escritura de guións audiovisuais (AGAG), Bufón (Eric De Bont), Clown (Leo Bassi), Efectos especiais (Ricardo Spencer), Gags (Jordi Purti), Locutora de radio e TV, dobraxe para cine e TV.

### MERCEDES CASTRO

Actriz con ampla experiencia en cine, teatro e televisión. Algúns traballos de cine: 2011- *CODI 60*, dir. Carlos Martín Ferrera, Oberón Cinematográfica - Costa Oeste, coprotagonista, Soledad; 2005- *Heroína*, dir. Gerardo Herrero, secundaria, Continental; 2004- *Para que no me olvides*, dir. Patricia Ferreira, secundaria, Tornasol - Continental; 1998- *Blanca Madison*, dir. Carlos Amil, Vici Producciones, longametraxe, secundaria. Algúns traballos en televisión: 2007-2012 *Padre Casares*, personaxe: Amelia, principal, 11 temporadas, Voz Audiovisual - TVG. Nominada á Ninfa de Ouro no Festival de Montecarlo, 2009; *A vida por diante*, Voz Audiovisual - TVG; *Valderrei*, principal, Zenit - TVG; *Hospital Central*, 2 capítulos, Tele 5; *Pratos combinados*, TVG, intervención especial; *Mareas vivas*, Voz Audiovisual - TVG, elenco; *Avenida de América*, protagonista, 2 temporadas, TVG. Algúns traballos en teatro: 2010- *Sexo por que non?* de Dario Fo, Franca Rame e Jacopo Fo, dir. Alvaro Lavín, Eme2 Produccións; 2002- *Mulleres* de Dario Fo, dir. Vicente Montoto; 2002- *Malicia* de Paula Carballeira, dir. Cristina Domínguez, Eme2; 2001- *Rosalía* de Ramón Otero Pedrayo, dir. Roberto Vidal Bolaño, Centro Dramático Galego; 1998- *A viaxe de Lola*, creación colectiva, Alalá Producións. Premios: 1998- María Casares Teatro á mellor actriz protagonista, Espectáculo *Para o Leste de Gantry*; 1999- mellor espectáculo teatral por *A viaxe de Lola*, Certame de teatro de Logroño; 2008-09, nominada Mestre Mateo por Amelia, *Padre Casares*.

### AARON GALLEGO

Realizou o bacharelato de Artes Escénicas, Música e Danza, actualmente está formándose na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. A súa experiencia profesional é diversa: cantante en Concurso no Auditorio de Ourense; actor en compañía afeccionada N+1 Teatro (2009-2010); actor na Casa da Xuventude de Ourense (2009-2010); vídeo promocional da ESAD de Galicia por Mariana Carballal (2012); actor en proposta escénica de *Ladraremos*. M. Dosouto (2013); actor en curtametraxe *¿Cómo las lías!*, por Biby Jacob (2013); actor en *Pan con ART*, por Lianna Vella (2013) e *Lectura dramatizada para terceira idade*, por Nuria Gullón (2013).

### AVELINO GONZÁLEZ

Actor, contador de historias e tradutor teatral... entre outras cousas.

### ERICA GONZÁLEZ

Palentina, de 27 anos, viaxa a Madrid, onde comeza a súa andaina no mundo da comunicación. Licenciada en Comunicación Audiovisual e Publicidade e RRPP. Ten un Máster en Comunicación Empresarial. Sempre compaxinou os estudos universitarios cos de Arte Dramática. Dez anos de formación: teatro, actuación ante a cámara, baile, música e canto. Unha formación variada da man dos grandes profesionais do medio. A súa experiencia é tanto teatral, coa súa propia compañía "ó Titiribaile", como con outras producións tanto teatrais como audiovisuais (curtametraxes, vídeos e publicidade), ademais da radio, *speaker*, presentadora, guionista, narradora...

### VICENTE MONTOTO

Actor, director e autor teatral, natural de Untes (Ourense). Estudou no Instituto de Teatro da Universidad de Buenos Aires. Debutou como actor profesional aos 17 anos na Arxentina. En Galicia participou en numerosas montaxes da súa propia compañía, Uvegá Teatro, así como no CDG, Teatro do Atlántico, Tea-tro do Aquí, A Factoría Teatro e Teatro do Noroeste. Traballou en cine, televisión e radio. Colaborou

en múltiples curtas realizadas por novos creadores do audiovisual galego. Impartiu cursos de teatro en Galicia e Canarias. Ten publicada unha autobiografía no *Taller da Memoria da Escena Española* editada por AISGE.

### TONI SALGADO

Logo de iniciarse na Aula de Teatro da Universidade de Santiago, onde permaneceu catro anos (2000-2004), facendo parte do elenco en montaxes como *Os vellos non deben namorarse*, *O Burgués xentilhome*, *Matanza*, *Apnea* ou *Hamlet*, seguiu a súa andaina no teatro da man da compañía profesional A Factoría Teatro coa participación en montaxes como *O canto do Dime-Dime*, *lesi Cebola contra a doutora Rabia Rabiña*, *Os homes só contan até tres*, *Castronós*, *o baile*, *Sr. Mundo, dígame?*, *Alicia & Alicia*. Para Nordesía e Turgalicia traballou no espectáculo-cabaret *Centolla T.V.* Participou tamén, coa compañía Ónfalo Teatro, no espectáculo *Na meta*. Traballou para o Centro Dramático Galego en dúas montaxes: *O regreso ao deserto* e *A boa persoa de Sezuán*. Actualmente podémolo ver tamén na montaxe *Faust-Box* coa compañía Uttópico Teatro e *O Gordo e o Fraco* con Dúbida Escénica. No eido da formación destacan os cursos con Thomas Leabherth (Mimo), Iaroslav Bielski (Interpretación), Luis Iglesia (Dobraxa), Massimo Malucelli (Commedia dell'Arte), Claudi Faci (Expresión e Creación). No eido audiovisual participou en series como *Escoba!*, *Piratas*, *Pratos combinados*, tv movies como *Mar Libre* ou filmes como *Doentes*, así como curtas, das que destaca *Carapuchiña e o pobo feroz*. Na actualidade complementa a súa formación teatral cursando estudos de Dirección Escénica e Dramaturxia na ESAD de Galicia, onde acaba de protagonizar *A tempestade* na súa compañía institucional.

### ROCÍO SALGADO PÉREZ

Estudante da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, e actriz da súa compañía escénica, con quen participou no espectáculo didáctico para nenos da Asociación de Gaiteros da Xístra e nun *Corto sin nombre*, entre outros traballos.

### ARANTXA TREUS

Formeime na Artística, 2 anos, á vez que traballaba na serie *Rías Baixas* (TVG). Unha vez rematada a miña formación na Artística, e despois de presentar un programa en Localia Vigo, de Axenda de fin de semana, "emigrei" a Madrid para seguir coa miña formación. En Madrid estudei 2 anos en Arte 4 (Escola de Teatro) e realicei numerosos cursos monográficos, entre eles con David Serrano (director, entre outras, de *O outro lado da cama*) e con Cesc Gay (director de *Unha pistola en cada man*). Nos últimos meses realicei con Mariana Carballal un curso de Preparación ao cásting, e con Jorge Coira outro curso de Improvisación.

### ESTIBALIZ VEIGA

Actriz en cine, teatro e televisión. Experiencia en TV: *Avenida de América*, 4 capítulos para TVG, 2002; *El ladrón de reliquias*, tv movie, CTV, 2003; *La rosa de Alejandría* de Rafael Moleón, tv movie, 2003; *Diga 33* (reporteira), 2004; *Luar* (programa de variedades de TVG), 2005, 2006, 2007; *Efectos secundarios*, serie comedia, 2007, CTV; *Cuatro Fiestras*, CTV, serie comedia, 2006; *Pepe o Inglés*, CTV, 2006; *O Show dos Tonechos*, TVG, serie comedia, 2005, 2006, 2007, 2008; *Fútbol de alterne*, Filmanova, 2009; *Última hora*, CTV, 2009; *Matalobos*, Voz Audiovisual, 2010; *Piratas*, Tele 5, 2010; *Homicidios*, Tele 5, 2011; *Escoba!*, TVG, serie de comedia, 2012; *A pesar de todo, quérote*, Jorge Algora, tv movie, drama realista, 2011; *La Salazón*, Continental Producciones e El Terrat, miniserie de época, 2012. Algúns traballos de cine: *Los muertos van deprisa*, Ángel de la Cruz, 2008; *Todo es silencio*, José Luis Cuerda, 2011; *Caderno de Bitácora*, 2011, Mandeo Récorde; *Los Fenómenos*, de Alfonso Zaráza, 2012. Algúns traballos de teatro: *Final de película*, Premios Max e Rafael Dieste, 2005; *Don Quijote de la Mancha*, La Fura del Baus, 2005; *Anxeliños*, 2008; *D. Perlimplín*, (García Lorca) 2009; *Pacama*, Segundo premio en IPAY, Pitsburg, EEUU, 2010 (xirando por Italia, Romanía, EE UU, Canadá, Francia, Irlanda...); *Limpeza de Sangue*, Premio Álvaro Cunqueiro e María Casares, 2010; *Malas palabras*, 2012, 2013...



## **CONCERTO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2013**

### **Organiza**

Consello da Cultura Galega

### **Colaboran**

Asociación Galega de Compositores  
Asociación de Actores e Actrices de Galicia  
Escola Superior de Arte Dramática de Galicia  
Real Academia Galega

### **Agradecementos**

Arcebispado de Santiago de Compostela  
Concello de Santiago de Compostela  
Consortio da Cidade de Santiago de Compostela  
Museo do Pobo Galego  
Cristina Domínguez  
Sergio Sieiro  
Dolores Vilavedra

A sinatura reproducida de Rosalía de Castro procede  
do Arquivo da Real Academia Galega

### **Gráfica**

Imago Mundi

### **Imprime**

Graficas Brial

Depósito Legal  
C 869-2013

*Mosalica*



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA